

ACTA Nº 3 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA BAIIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL FIXO (OEP 2016) ASÍ COMO CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR PRAZAS DE XEITO TEMPORAL DE OFICIAL DE PRIMEIRA.

Constitúese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 1169/2017 do 14/11 para proceder á valoración do primeiro exercicio do procedemento de selección dunha praza de Oficial de Primeira baixo a modalidade de contrato laboral fixo (OEP 2016) así como a creación dunha bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal de oficial de primeira conforme ás bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 705/2017 do 13/07.

Reúnese o Tribunal de selección co obxecto de realizar e valorar o segundo exercicio consistente nun nunha proba práctica para a valoración dos coñecementos e habilidades profesionais de acordo coas funcións do posto de traballo.

Data da sesión: 25/01/2018.
Hora de inicio: 10:00 horas.
Hora de finalización: 10:10 horas.

Asistentes:


- D. Manuel Suárez Bermúdez (Presidente).
- D. Félix Carrasco del Pozo (1ª vogal).
- D. Pedro Suárez Lorenzo (2ª vogal).
- D. Federico Suárez Canelo (Secretario).

Reunido o Tribunal á data e hora anteditas, no Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa, e logo de ver o informe emitido polo Presidente do Tribunal, en relación ás alegacións presentadas contra a acta nº 2 do Tribunal de selección relativas á corrección do primeiro exercicio que podería incidir de ser estimada no resultado das puntuacións de todos os aspirantes e a necesidade de proceder ao seu estudo e tendo en conta igualmente a previsión de que poida chover durante a mañá e tendo prevista a realización da proba práctica ao aire libre e a conveniencia de que esta non se vexa interrompida, polo Tribunal de Selección acordase a suspensión da citada proba sine die.

Tal decisión é comunicada aos aspirantes persoados, advertíndolles de que se lles notificará nos próximos días persoalmente un trámite de audiencia para que poidan expoñer o que consideren oportuno sobre a alegación presentada e que unha vez resolta a mesma, se fixará nova data da proba práctica que será comunicada mediante publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

De todo o cal se levanta a presente acta que asinan os membros do Tribunal presentes.

O Presidente:


Manuel Suárez Bermúdez.

1º Vogal


Félix Carrasco del Pozo

O Secretario.


Federico Suárez Canelo

2º Vogal.


Pedro Suárez Lorenzo.